**PERSOAL**
MLP/egp
Refª: 11drrectListaDefLUGOEMPREGA.doc
Asunto: Rectificación lista definitiva

**DECRETO NÚMERO 175/2011 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE DE PERSOAL Ó SERVICIO DA CORPORACIÓN, DICTADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA.**

**Ilmo. Sr. DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.**
**Lugo, vinte e cinco de febreiro de dous mil once.**

Visto que polo Decreto 174/2011, de 24 de febreiro de 2011, procedeuse a aprobar a lista definitiva do proceso de selección do persoal laboral temporal que prestará servizos con cargo ao plan de emprego provincial 2011 (PLAN LUGO EMPREGA) do Excmo. Concello de Lugo, e detectado un erro en dita lista por figurar como excluídos diversos aspirantes que debían figurar como incluidos.

Tendo en conta o establecido no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro e en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local polo artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e acordos de dito órgano de goberno, de delegación de atribucións, números 1/877 e 3/533, de datas do 18-10-2004 e do 20-6-2007, respectivamente, **RESOLVO:**

**Primeiro**.- Correxir o erro detectado, e incluir na lista de admitidos ós seguintes aspirantes:

| Apelidos e Nome | DNI | Categoría |
|---|---|---|
| GABARRI MONTOYA, ROSARIO | 33341534-K | Peón de servizos diversos |
| MAHACHA LAZCANO, CARLOS ENRIQUE | Y0614693-D | Peón de servizos diversos |
| MONTOYA RAMIREZ, Mª FATIMA | 33328444-H | Peón de servizos diversos |
| PIÑEIRO LÓPEZ, ANA BELÉN | 33349987-X | Delineante |
| POSE MARCOS, MAURICIO | 46898142-S | Peón de servizos diversos |
| RAMOS GONZÁLEZ, ANDRES | 32767848-R | Peón de servizos diversos |
| RIVAS PENAS, JOSÉ | 33349009-K | Peón de servizos diversos |
| VARELA ARIAS, ISABEL | 33333617-Q | Técnicos Medio |
| VAZQUEZ FORJA, OSCAR | 33328364-F | Técnico Medio |

**Segundo.-** Sinalar que nos restantes extremos estarase ó disposto no Decreto 174/2011, de 24 de febreiro de 2011.

**Terceiro.-** Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fín á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou a elección

do demandante, ante aquel na circunscripción do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Alcaldía e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que se estime convinte ó seu dereito.

Cúmprase.